



## Ollos abertos

### Distintos comportamentos

Ás veces somos testemuñas de malos comportamentos ao noso lado. Sabemos que debemos evitalos pero, na práctica, pensamos e actuamos de formas moi distintas.



1 “Vin un que estaba a roubar; puiden avisar a policía pero non o fixen, o único que me interesa é que non me fagan dano nin facérllelo eu aos demais”.

2 “Estaban a abusar dun neno pequeno e defendino. Penso que, se todo nos opuxésemos cando vemos algo malo, funcionaría moito mellor o mundo”.

3 “Vin como prendían lume a un colector. Gustaríame facer algo pero tiven medo, porque eran máis fortes ca min. Pasei de longo e fixen que non os vía”.

4 “Estaban a criticar unha compañeira: dicían cousas que eran mentira. Eu non me atrevín a defendela en público, pero logo díxenlles que non era certo o que dixeran dela”.

► ¿Que aspectos positivos e negativos ves no que fixeron estas catro persoas?

	Aspectos positivos	Aspectos negativos
1		
2		
3		
4		



## Mirada penetrante

### Reaccións diversas da xente

Ante os malos comportamentos que presenciamos, sexan de persoas, cuadrillas ou grupos, a xente reacciona de diversas maneiras.

#### ■ ¿Como reacciona a xente?

	Todos	A maioría	Algúns	Case ningún
• Os que calan				
• Os que se opoñen abertamente				
• Os que aproban e aplauden				



## Oídos atentos

### Reaccións da xente ante Xesús

O Reino de Deus que Xesús anunciaba era algo novo que viña a transformar o mundo. Algúns non o entenderon e por iso criticaban a Xesús e perseguírono ata acabar con El.

#### Xesús é acusado de...



¿Por que os teus discípulos quebrantan as tradicións dos devanceiros e non lavan as mans antes de comer? (Mt 15,2)

#### Xesús proclama...



Amar a Deus con todo o corazón... e amar ao próximo como a un mesmo é máis importante ca todos os holocaustos e sacrificios. (Mc 12,33)

Destes dous mandamentos dependen a lei enteira e os profetas. (Mt 22,40)



Chegaron dúas testemuñas que dixeron:  
-Este afirmou: Podo destruír o templo de Deus e reconstruílo en tres días. (Mt 26,61)



Eu asegúrovos que aquí hai un meirande ca o templo. (Mt 12,6)  
Xesús falaba do templo do seu corpo. (Xn 2,20)  
Os verdadeiros adoradores adorarán ao Pai en espírito e en verdade. Pois eses son os adoradores que o Pai quere. (Xn 4,23)




Os fariseos e letrados murmuraban de Xesús:  
-Este acolle os pecadores e come con eles. (Lc 15,1-2)



Non son os sans, senón os enfermos, os que necesitan médico. Eu non vin chamar polos xustos, senón polos pecadores, para que se convertan. (Lc 5,31-32)  
Non mandou Deus o Fillo ao mundo para que xulgue o mundo, senón para que por El se salve o mundo. (Xn 3,17)

## Xesús é acusado de...



-¿Como fala así este?  
¡Blasfema! ¿Quen pode  
perdoar os pecados senón  
só Deus? (Mc 2,5-7)

## Xesús proclama...



¿Que é máis fácil dicir: "perdoados quedan os teus pecados", ou dicir: "érguete e anda"? Pois para que vexades que o Fillo do Home tén poder na terra para perdoar pecados, -díxolle ao tolleito:- érguete, colle a padiola e vaite para a casa. (Lc 5,23-24)



Blasfemas, porque ti,  
sendo home, faste Deus.  
(Xn 10,33)



Meu Pai e máis eu somos un.  
(Xn 10,30)

Se non fago as obras do meu Pai,  
seguides sen crerme, pero se as  
fago, aínda que non creades en  
min, crede nas obras, para que  
comprendades e recoñezades  
que o Pai está en min e eu estou  
no Pai. (Xn 10,37-38)

Quen me ve a min, ve a quen me  
mandou. (Xn 12,45)

### ▶ En resume...

¿Cal é a Nova Lei que proclama Xesús?	
¿Quen é o Novo Templo que anuncia Xesús?	
¿Que imaxe de Deus nos presenta Xesús?	
¿Cales son as súas calidades?	
¿Quen é en verdade Xesús?	



## Memoria esperta

### Crer en Xesús e vivir a súa mensaxe

A Igrexa sempre aceptou a palabra de Xesús e cre firmemente nela. Por iso invítanos a crer en Xesús e vivir a súa mensaxe.



## Mans activas

### Poñer en práctica os mandatos de Xesús

Levamos a lei e os mandatos de Xesús impresos no noso corazón e procuramos poñelos en práctica.

#### Algúns dicían...



Non matarás, e quen mate será reo ante o tribunal. (Mt 5,21)



Olo por olo e dente por dente. (Mt 5,38)



Amarás ao teu próximo e aborrecerás ao teu inimigo. (Mt 5,43)



Cantas veces teño que perdoar ao meu irmán se me segue ofendendo? ¿Ata sete veces? (Mt 18,21)

▶ ¿Que pensas ti?

#### Xesús dicía...



Pero eu dígovos que o que se enrabeche co seu irmán..., quen o alcume... e quen o aldraxe será levado a xuízo. (Mt 5,22)



Pero eu dígovos que non volvades mal por mal... A quen che pide dálle, e non lle vires as costas a quen che pida emprastado. (Mt 5,39.42)



Eu dígovos...: Amade os vossos inimigos; facédelles ben aos que vos odian. (Lc 6,27)



Non che digo ata sete veces, senón ata setenta veces sete. (Mt 18,22)

▶ ¿Cales destas actitudes tés ti?

#### Algúns dicían...



Os hipócritas gustan de rezar nas prazas para ser vistos. (Mt 6,5)



Presumides de xustos diante dos homes. (Lc 16,15)



Sabedes que os xefes dos pobos tiranizan e os poderosos asoballan. (Mt 20,25)



Os hipócritas tocan a trompeta cando fan esmola para ser loados polos homes. (Mt 6,2)

▶ ¿Actuaches ti así algunha vez?

#### Xesús pide...



Ti, en cambio, cando queiras rezar... rézalle ao teu Pai no secreto e El recompensate. (Mt 6,6)



Deus coñécevos por dentro; e o que loce ante os homes, é noxento para Deus. (Lc 16,15)



Se algún de vós quere ser importante, que sirva aos demais; e quen queira ser o primeiro, que sexa o máis servizal. (Mt 20,26-27)



Ti, en troques, cando deas unha esmola, que non saiba a túa man esquerda o que fai a dereita... e o teu Pai recompensate. (Mt 3,4)

▶ ¿Procuras ti ter estes comportamentos?